



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Bases didácticas da intervención logopédica		Código	652G04008
Titulación	Grao en Logopedia			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	García Cabeza, Belen		Correo electrónico	belen.garcia.cabeza@udc.es
Profesorado	García Cabeza, Belen		Correo electrónico	belen.garcia.cabeza@udc.es
Web				
Descrición xeral	Esta materia pretende o desenvolvemento de capacidades que permitan ao alumnado configurar un marco integrador e interrelacional da intervención logopédica no ámbito do sistema educativo, a través da adquisición de coñecementos epistemolóxico da pedagogía e a didáctica que sustenta a intervención educativa, así como do desenvolvemento de prácticas baseadas no uso de recursos didácticos para construír una intervención logopédica informada e comprometida coa optimización do acceso á aprendizaxe a favor da inclusión da diversidade que caracteriza o contexto educativo. Ao mesmo tempo queremos afondar na importancia do traballo colaborativo interprofesional, no que participan profesionais e axentes que desenvolven o seu quefacer dentro e/ou fóra da escola. Teñamos en conta que a complexidade de moitos dos problemas que presenta o alumnado arráiganse ou enrédanse nunha causística múltiple que esixe unha intervención globalizada, na que teñen que participar distintos profesionais, que deben traballar en cooperación para dar maior cobertura ás necesidades reais, que incluso chegando o traballo non so ó alumnado senón tamén á familia, sen solaparse, empregando metodoloxías que non sexan contraditorias entre si, evitando deste xeito distorsións na propia percepción do alumnado e favorecendo unha aprendizaxe significativa e útil na súa vida cotiá. Os principais temas e núcleos de coñecemento que se abordarán están orientados ao estudo e análise da escola, da cultura e da sociedade; dos indicadores educativos para atender á diversidade na aula; de propostas didácticas na intervención logopédica e proxectos de traballo orientados á intervención educativa nas necesidades específicas de apoio educativo.			

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A4	Coñecer e integrar os fundamentos educativos da Logopedia: Procesos de ensino e aprendizaxe.
A16	Coñecer as características diferenciais da intervención logopédica nos ámbitos familiar, escolar, clínico-sanitario e asistencial.
A22	Saber deseñar, programar e avaliar a actuación logopédica.
A23	Coñecer, aplicar e valorar criticamente as técnicas pedagóxicas, así como os recursos metodolóxicos e didácticos para o ensino da linguaxe.
A25	Coñecer a organización de institucións educativas, sanitarias e sociais.
A28	Adquirir un coñecemento práctico en intervención logopédica (formación práctica en ámbitos escolares, clínico-sanitarios e asistenciais).
A29	Adquirir a formación práctica para o traballo individual, grupal, cooperativo e de mediación con facilitador.
A30	Coñecer a actuación profesional e os contornos onde se desenvolve a práctica.
B1	Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.
B3	Apreciar as distintas manifestacións da diversidade.
B4	Aprender a aprender.
B7	Capacidade de análise e síntese.
B9	Capacidade de organizar e planificar.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B12	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B14	Destreza e empatía nas relacións interpersoais.
B15	Poñer en valor a súa profesión no contorno en que desenvolve o seu traballo.
B22	Traballar de forma autónoma con iniciativa.



B23	Traballar de forma colaborativa.
B24	Traballar en equipo e, de ser o caso, de forma interdisciplinar.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación	
Comprender o carácter interrelacional da intervención logopédica no marco do sistema educativo segundo a súa estrutura e funcionamento.	A16	B15	C4
	A25		
	A29		
Coñecer e manexar criticamente as principais cuestións pedagóxicas e recursos didácticos que permitan desenvolver unha intervención logopédica informada dende unha perspectiva educativa holística e ecolóxica, comprometida coa optimización do acceso á aprendizaxe e do potencial comunicativo de todos e cada un/ha dos destinatarios da súa labor.	A4	B1	C3
	A22	B4	C6
	A23	B7	
	A28	B9 B12	
Adquirir unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade educativa en conexión cos obxectivos socio-educativos propostos.	A4	B1 B3	
Comprender e reflexionar sobre a importancia da inclusión da diversidade que caracteriza as aulas educativas.	A4 A16	B3	
Asumir a importancia dunha profesionalidade adecuada ó ámbito logopédico no contexto escolar, valorando a importancia da investigación como ferramenta imprescindible para o coñecemento.	A29 A30	B3 B11 B14	C7
Apreciar as implicacións do desenvolvemento logopédico a nivel individual e colectivo das persoas con necesidades específicas de apoio educativo.	A29	B3 B22 B23 B24	

Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO I. Escola, cultura e sociedade.	1.1. Ensinanza obrigatoria: perspectivas educativa e social. 1.2. Interrelacións entre sociedade, cultura e escolarización. 1.3. Propostas actuais da relación educativa entre cultura e interculturalidade. 1.4. A escola como camiño de igualdade e inclusión social. 1.5. Diversidade socio-cultural e propostas educativas. 1.6. Estrutura e desenvolvemento da escola como organización. 1.7. Outras institucións e profesionais que colaboran coa escola.
MÓDULO II. Indicadores educativos para atender á diversidade na aula.	2.1. Modelos educativos de aula facilitadores da diversidade. 2.2. O traballo cooperativo como paradigma de integración. 2.3. A xestión eficaz da aula en contextos de inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. 2.4. Plans de traballo personalizados e integrados.



MÓDULO III. Propostas didácticas na intervención logopédica.	3.1. Ámbitos de actuación dos profesionais da logopedia no sistema educativo. 3.2. O traballo colaborativo dos equipos interprofesionais como elementos esenciais para a busca de respostas integrais ás demandas alumnado con NEAE e das súas familias. 3.3. A repercusión das decisións tomadas nos diferentes niveis de concreción na práctica logopédica na escola. O traballo coordinado entre os profesionais da logopedia e da audición e linguaxe. 3.4. Os diferentes compoñentes del curriculum e función das adaptacións curriculares no ámbito logopédico. 3.5. Tipos de medidas de atención ás necesidades logopédicas. 3.6. Procesos avaliativos das alternativas didáctico-logopédicas.
MÓDULO IV. Proxectos de traballo en torno ás necesidades específicas de apoio educativo.	4.1. Exemplos de proxectos educativos na intervención educativa. 4.2. Elaboración de propostas educativas con atención específica ás necesidades educativas específicas do alumnado. 4.3. A conceptualización da calidade educativa nas propostas de intervención.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	21	28	49
Discusión dirixida	10	21	31
Traballos tutelados	10	40	50
Proba mixta	2	16	18
Atención personalizada	2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado			

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Na actividade de sesión maxistral traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento. Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.
Discusión dirixida	Mediante esta metodoloxía abordaranse diversos temas orientados a que o alumnado reflexione sobre a importancia da atención á diversidade e da inclusión, atendendo aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade educativa.
Traballos tutelados	Ao longo do cuadrimestre proporase un ou varios traballos en torno ao contido do temario que deberán fundamentarse coa bibliografía básica e complementaria da guía e con outra seleccionada polo profesorado e/ou polo estudantado. A súa realización iniciárase na aula e completárase mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións proporcionadas a través da atención personalizada do profesorado. A través da exposición na aula, compártanse os traballos realizados.
Proba mixta	A proba mixta constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da que o alumnado deberá dar resposta a varias cuestións facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, de acordo co conxunto de contidos abordados mediante as diferentes metodoloxías de traballo empregadas no desenvolvemento da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	Traballos tutelados: a atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo presencial co profesorado da materia. A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.
---------------------	---

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Para avaliar os traballos teranse en conta os seguintes aspectos: ELABORACIÓN: - Estrutura: presentación, organización do contido, claridade expositiva e corrección gramatical. - Contido: Comprensión de ideas básicas, dominio conceptual, uso das fontes traballadas no tratamento dos contidos ao longo do cuadrimestre e relacións entre eles. EXPOSICIÓN: - Relevancia e organización dos contidos expostos. - Coordinación da exposición (que reflicta un traballo colaborativo, non unha suma de partes). - Nivel de comprensión dos contidos básicos. - Claridade expositiva.	40
Proba mixta	A proba mixta consistirá en dar resposta a varias cuestións que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia.	60

Observacións avaliación
Opción A. Para o alumnado que asiste/participa nas actividades de&nbsp;clase (asistencia mínima do 80%): a) elaboración e presentación dos traballos en pequeno grupo (40%); b) un exame escrito sobre os contidos da materia (60%). Opción B. Para o alumnado que non asiste/participa nas actividades&nbsp;de clase (asistencia inferior ao 80%): a) elaboración e presentación individual dos traballos (40%); b) un exame escrito sobre os contidos da materia (60%). Observacións - Para superar a materia é necesario obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados e proba mixta). - O traballo tutelado entregárase e expoñeráse na data que se indique. Para presentarse ao exame é condición indispensable ter presentado o traballo.

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario



Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías